

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código   | Centro         | Concello              | Ano académico |
|----------|----------------|-----------------------|---------------|
| 32001725 | IES Lauro Olmo | O Barco de Valdeorras | 2023/2024     |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza   | Nome da área/materia/ámbito  | Curso   | Sesións semanais | Sesións anuais |
|-------------|------------------------------|---------|------------------|----------------|
| Bacharelato | Lingua galega e literatura I | 1º Bac. | 3                | 105            |

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

| <b>Contido</b>  | <b>Páxina</b> |
|---|---------------|
| 1. Introducción   | 3             |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias                                  | 4             |
| 3.1. Relación de unidades didácticas  | 6             |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas   | 8             |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas  | 22            |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos  | 24            |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial   | 24            |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación  | 25            |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes                     | 26            |
| 5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias                  | 27            |
| 6. Medidas de atención á diversidade  | 27            |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais  | 27            |
| 7.2. Actividades complementarias  | 29            |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 29            |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora                                    | 31            |
| 9. Outros apartados   | 31            |

## 1. Introducción

A materia de Lingua Galega e Literatura en primeiro de bacharelato continúa o trazado establecido na etapa anterior, aínda que presenta uns fins determinados de acordo aos obxectivos desta etapa. Por unha banda, preténdese mellorar a eficacia comunicativa do alumnado na produción, recepción e interacción oral, escrita e multimodal e, pola outra, favorecer un uso ético da linguaxe.

O primeiro dos obxectivos da materia afonda no recoñecemento da diversidade lingüística e dialectal de Galicia, da Península Ibérica e do mundo, especialmente do portugués e as súas variantes noutros territorios como O Brasil, co propósito de favorecer actitudes de aprecio á devandita diversidade, combater prexuízos e estereotipos lingüísticos e estimular a reflexión interlingüística e sociolingüística. Os cinco obxectivos seguintes refírense á produción, comprensión e interacción oral e escrita, incorporando as formas de comunicación mediadas pola tecnoloxía e atendendo aos diferentes ámbitos de comunicación: persoal, educativo, social e profesional. Así, os obxectivos segundo e terceiro refírense á comunicación oral; o cuarto, á comprensión lectora; o quinto, á expresión escrita e, por último, o sexto pon o foco na alfabetización informacional. A seguir, os obxectivos sétimo e oitavo resérvanse para a lectura literaria, tanto autónoma como guiada na aula. O obxectivo noveno atende á reflexión sobre a lingua e os seus usos, en canto que o décimo, relativo á ética da comunicación, é transversal a todos eles.

Tendo en conta que a aprendizaxe da lingua progresa en espiral, os contidos que se abordan en primeiro de bacharelato non son significativamente diferentes aos de cursos anteriores, senón que a diferenza radica no grao de profundidade coa que son tratados, pero coa singularidade de que no bacharelato, o desenvolvemento das competencias do alumnado requirirá unha maior atención a textos académicos e dos medios de comunicación.

Os criterios de avaliación e os contidos distribúense en catro bloques. En primeiro lugar, «As linguas e os seus falantes» recolle diferentes aspectos sociolingüísticos, facendo fincapé na diversidade lingüística. É de vital importancia que neste momento o alumnado repare na realidade lingüística de Galicia, así como no lugar que ocupa o noso idioma no contexto peninsular co propósito de que desenvolva unha actitude de respecto e aprecio pola lingua, carente de prexuízos de índole idiomática. O segundo bloque, «Comunicación» abarca os saberes implicados na comunicación oral e escrita e a alfabetización informacional e mediática. O terceiro bloque, «Educación literaria» procura consolidar o hábito lector do alumnado, incrementar a súa capacidade para interpretar textos literarios e realizar un achegamento ao contexto histórico-cultural comprendido entre a Idade Media e a literatura «Antre dous séculos». E o cuarto bloque, «Reflexión sobre a lingua», pretende acometer a aprendizaxe sistemática da gramática a través de procesos de indagación.

Alén dos contidos lingüísticos, sociolingüísticos e literarios que inclúe a programación da materia de Lingua Galega e Literatura deste curso, cómpre tamén salientar a incorporación de nocións básicas das linguas da Península Ibérica, particularmente, da portuguesa. Este fomento do ensino/aprendizaxe do portugués está en consonancia coa Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, e coas directrices da Unión Europea relativas ao coñecemento das variedades lingüísticas próximas e, de modo especial, ás transfronteirizas que presentan vínculos históricos e estruturais tan evidentes como acontece co galego e o portugués. A coñecida tamén como Lei Valentín Paz Andrade incide nesta idea ao establecer que «a lingua propia de Galicia, polo feito de ser intercomprensible co portugués, outórgalle unha valiosa vantaxe competitiva á cidadanía galega» e prosegue, «por iso debemos dotarnos de métodos formativos e comunicativos que nos permitan desenvolvernos con naturalidade nunha lingua que nos é moi próxima e nos concede unha grande proxección internacional».

Con respecto á situación social que vive aquí a nosa lingua, cabe dicir que O Barco é unha moi vila castelanizada. A lingua que usa acotío o alumnado, tanto no ámbito familiar coma social, é maioritariamente o castelán. Aínda que a función familiar se desenvolva nalgúns casos en galego, adoitan presentar actitudes diglósicas e evitan falalo no centro. Detectamos acotío actitudes negativas cara á lingua por parte do alumnado (inseguridade lingüística, submisión, rexeitamento do acento galego, rexeitamento da normalización, identificación da súa lingua co rural, coas clases sociais baixas, co pouco útil), as cales forman parte do elenco de prexuízos sobre a viabilidade do galego na nosa sociedade en xeral. Estes prexuízos medran curso a curso fornecidos pola falta de apoio institucional para impulsar medidas serias que freen a sangría de falantes, que apoiem o labor dos Equipos de Dinamización Lingüística ou que visibilicen a lingua a través dos medios de comunicación de masas.

Dado este contexto, consideramos un obxectivo fundamental para o noso Departamento didáctico a loita contra os prexuízos lingüísticos desde unha óptica proactiva que sitúe o alumnado como aprendices plurilingües, para que sexan quen de ver a riqueza que supón a aceptación da diversidade como un reforzamento da propia identidade. Ser competente na lingua propia significa saber utilizar esa lingua en todos os ámbitos e situacións de xeito adecuado, e isto implica derrubar prexuízos lingüísticos que, do contrario, os levará, ao abandono definitivo da súa lingua propia nun futuro non moi afastado no tempo.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos  | CCL   | CP  | STEM | CD  | CPSAA | CC  | CE | CCEC |
|---|-------|-----|------|-----|-------|-----|----|------|
| OBX1 - Explicar e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do coñecemento da realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica (e, máis concretamente, do portugués, catalán e éuscaro) e a riqueza dos bloques e áreas dialectais do galego, así como da reflexión sobre os fenómenos do contacto entre linguas, para favorecer a reflexión interlingüística, para combater os estereotipos e prexuízos lingüísticos e para valorar esta diversidade como fonte de patrimonio cultural.   | 1-5   | 2-3 |      |     |       | 1-2 |    | 1    |
| OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais, con especial atención aos textos académicos e dos medios de comunicación, recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, para formarse opinión e para ampliar as posibilidades de gozo e lecer.  | 2     | 2   | 1    | 2-3 | 40    | 3   |    |      |
| OBX3 - Producir textos orais e multimodais, con atención preferente aos de carácter académico, con rigor, fluidez, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais, como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.   | 1-3-5 | 2   | 1    | 2-3 |       | 2   |    |      |
| OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, integrando a información explícita e realizando as inferencias necesarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade, para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento. | 2-3-5 | 2   | 4    | 1   | 40    | 3   |    |      |

| <b>Obxectivos</b>  | <b>CCL</b> | <b>CP</b> | <b>STEM</b> | <b>CD</b> | <b>CPSAA</b> | <b>CC</b> | <b>CE</b> | <b>CCEC</b>  |
|--|------------|-----------|-------------|-----------|--------------|-----------|-----------|--------------|
| OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos, con especial atención aos xéneros discursivos do ámbito académico, para construír coñecemento e dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.  | 1-3-5      |           | 1           | 2-3       | 50           | 2         |           |              |
| OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala, cun punto de vista crítico e persoal á vez que respectuoso coa propiedade intelectual, especialmente no marco da realización de traballos de investigación sobre temas do currículo ou vinculados ás obras literarias lidas. | 3          |           |             | 1-2-3-4   | 40           | 2         | 3         |              |
| OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura contemporánea como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que se enriqueza progresivamente en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras, e partillar experiencias lectoras para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura.   | 1-4        |           |             | 3         | 11           |           |           | 2-31-32      |
| OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras relevantes do patrimonio galego, lusófono e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos, para conformar un mapa cultural, para alargar as posibilidades de gozo da literatura e para crear textos de intención literaria.  | 1-4        |           |             |           |              | 1         |           | 1-2-31-32-42 |
| OBX9 - Consolidar e afondar no coñecemento explícito e sistemático sobre a estrutura da lingua e os seus usos, e reflexionar de maneira autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, para aumentar o repertorio comunicativo e para mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de comprensión e interpretación crítica.   | 1-2        | 2         | 1-2         |           | 50           |           |           |              |
| OBX10 - Pór as prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra, para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético e democrático da linguaxe.  | 1-5        | 3         |             | 3         | 31           | 1-2-3     |           |              |

**Descrición:**

**3.1. Relación de unidades didácticas**

| UD | Título    | Descrición  | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|-----------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1  | UNIDADE 1 | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Desenvolvemento sociohistórico do galego e do portugués. O galego como lingua románica. Do latín ao galego.</li> <li>- Realización dun eixo temporal das etapas estudadas.</li> <li>- Acento diacrítico</li> <li>- Categorias gramaticais. O substantivo</li> <li>- Propiedades textuais: signos de puntuación.</li> <li>- O texto oral e o texto escrito</li> <li>- A descrición no ámbito académico.</li> <li>- A literatura medieval galego-portuguesa.</li> </ul>  | 15             | 15         | X        |          |          |
| 2  | UNIDADE 2 | <ul style="list-style-type: none"> <li>- As linguas da Península Ibérica.</li> <li>- Os elementos do proceso de comunicación.</li> <li>- Propiedades textuais: a coherencia e a cohesión, con especial atención á cohesión a través do uso dos tempos verbais.</li> <li>- Lectura obrigatoria e autónoma dunha obra contemporánea da literatura galega. Atenderase á temática que aborda este xénero, á súa estrutura e estilo; así como aos valores éticos e estéticos que transmite.</li> <li>- A lírica profana medieval: a cantiga de amigo e cantiga de amor.</li> </ul> | 10             | 10         | X        |          |          |
| 3  | UNIDADE 3 | <ul style="list-style-type: none"> <li>- As variedades dialectais do galego e do portugués.</li> <li>- Deliberación oral argumentada sobre a valoración sobre a variedade dialectal propia do alumnado.</li> <li>- As propiedades textuais: a adecuación.</li> <li>- Categorias gramaticais. Os pronomes</li> <li>- As cantigas de escarnio e maldicir e os xéneros menores da lírica profana.</li> </ul>   | 10             | 10         | X        |          |          |
| 4  | UNIDADE 4 | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Prexuízos e estereotipos lingüísticos. Estratexias para contrarrestalos.</li> <li>- Xéneros discursivos: a crónica informativa ou xornalística.</li> <li>- O esquema semántico da oración.</li> <li>- A lírica relixiosa medieval e a prosa.</li> </ul>  | 10             | 10         |          | X        |          |

| UD | Título    | Descrición   | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|-----------|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 5  | UNIDADE 5 | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, préstamos, interferencias. Diglosia.</li> <li>- Sintaxe. Distinción dos tipos de oracións compostas por coordinación.</li> <li>- O texto dialogal.</li> <li>- A literatura do período do galego medio (Séculos Escuros e Ilustración).</li> <li>- Lectura obrigatoria e autónoma dunha obra contemporánea da literatura galega. Atenderase á temática que aborda este xénero, á súa estrutura e estilo; así como aos valores éticos e estéticos que transmite.</li> </ul>  | 10             | 10         |          | X        |          |
| 6  | UNIDADE 6 | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Usos discriminatorios da lingua e da manipulación da linguaxe.</li> <li>- Niveis de lingua e niveis de fala. Propiedades textuais para adecuar o rexistro á situación de comunicación</li> <li>- Xéneros discursivos do ámbito académico. Estrutura básica e características.</li> <li>- Categorías gramaticais: O verbo</li> <li>- Funcións sintácticas.</li> <li>- Realización dun vídeo-documental sobre aspectos concretos do contexto sociopolítico da Rexurdm.</li> <li>- O Rexurdimento: Rosalía de Castro. Lectura da súa obra con perspectiva de xénero e vínculos intertextuais con obras doutros autores.</li> <li>- Producción escrita: temática da obra de Rosalía de Castro con perspectiva de xénero.</li> </ul> | 15             | 15         |          | X        |          |
| 7  | UNIDADE 7 | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Estudo dos dereitos lingüísticos, a súa expresión en leis e declaracións institucionais.</li> <li>- Construción, de xeito autónomo, de oracións compostas copulativas, adversativas, disxuntivas, distributivas e xustapostas</li> <li>- A noticia.</li> <li>- Curros Enríquez</li> </ul>   | 10             | 15         |          |          | X        |
| 8  | UNIDADE 8 | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Convivencia entre as linguas, as súas causas e consecuencias.</li> <li>- Estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.</li> <li>- Procedementos de adquisición e formación de palabras.</li> <li>- Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.</li> <li>- Lectura obrigatoria e autónoma dunha</li> </ul>  | 10             | 10         |          |          | X        |

| UD | Título    | Descrición  | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|-----------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 8  | UNIDADE 8 | obra contemporánea da literatura galega. Atenderase á temática que aborda este xénero, á súa estrutura e estilo; así como aos valores éticos e estéticos que transmite<br>- Eduardo Pondal.   | 10             | 10         |          |          | X        |
| 9  | UNIDADE 9 | - As linguas hexemónicas, as linguas minoritarias e as linguas minorizadas.<br>- Propiedades textuais.<br>- Texto argumentativo.<br>- A literatura galega da etapa «Antre dous Séculos» (1890-1916).<br>- A prensa no Rexurdimento. | 10             | 10         |          |          | X        |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------|----------|
| 1  | UNIDADE 1    | 15       |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución  | IA | %  |
|---|---|----|----|
| CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do ámbito lingüístico galego-portugués, con especial atención ás do propio territorio, a partir da explicación do seu desenvolvemento histórico e da situación actual, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas (especialmente da éuscara e catalá), así como das variantes dialectais do tronco lingüístico galego-portugués, en manifestacións orais, escritas e multimodais | Recoñece as etapas da formación da lingua   | PE | 90 |
| CA2.8 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.   | Usa correctamente o til diacrítico, coñece as categorías gramaticais (o nome) e puntúa correctamente. |    |    |
| CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.  | Coñece o contexto sociohistórico e a xénese da lírica medieval galego-portuguesa.                     |    |    |



| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>   | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--|---|-----------|----------|
| CA4.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | Coñece as características da descrición (do ámbito oral e do da escrita). |           |          |
| CA3.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.               | Coñece e identifica as características dun texto de ámbito académico.     | TI        | 10       |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>   |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Desenvolvemento sociohistórico e situación actual das linguas da Península Ibérica.</li> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.</li> <li>- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.</li> <li>- Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega e tamén do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.</li> <li>- Selección das obras coa axuda de recomendacións especializadas.</li> <li>- Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias</li> <li>- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.</li> <li>- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.</li> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita, atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.</li> </ul> |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b> | <b>Duración</b> |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 2         | UNIDADE 2           | 10              |

| <b>Criterios de avaliación</b> | <b>Mínimos de consecución</b> | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución   | IA | %  |
|---|--|----|----|
| CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais complexos propios de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.  | Identifica os elementos do proceso de comunicación (emisor, receptor, intención comunicativa).           | PE | 70 |
| CA2.6 - Valorar criticamente a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.   | Recoñece as características lingüísticas da tipoloxía textual descritiva.                                |    |    |
| CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.  | Recoñece os trazos da lírica profana medieval (cantigas de amigo e cantigas de amor).                    |    |    |
| CA4.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.  | Produce textos integrando as propiedades textuais.   |    |    |
| CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do ámbito lingüístico galego-portugués, con especial atención ás do propio territorio, a partir da explicación do seu desenvolvemento histórico e da situación actual, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas (especialmente da éuscara e catalá), así como das variantes dialectais do tronco lingüístico galego-portugués, en manifestacións orais, escritas e multimodais | Contrasta os trazos lingüísticos distintivos das variedades dialectais.                                  | TI | 30 |
| CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais complexos, avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.   | Distingue e aplica con corrección as propiedades textuais.   |    |    |
| CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.  | Reflexiona de forma argumentada e autónoma sobre unha obra literaria contemporánea da literatura galega. |    |    |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos  |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Semellanzas e diferenzas lingüísticas e discursivas máis salientables entre as linguas da Península Ibérica (con especial atención ao éuscaro e ao catalán), contrastándoas en manifestacións orais, escritas e multimodais.</li> <li>- Estratexias de reflexión interlingüística e sociolingüística.</li> </ul> |

## Contidos

- Contexto vinculado ás estratexias de comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.
- Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.
- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Os textos académicos.
- Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión do texto, con especial atención á valoración e ao uso dos tempos verbais.
- Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega e tamén do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas.
- Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais para o fomento da lectura.
- Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias
- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.
- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- A lingua como sistema interconectado con diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------|----------|
| 3  | UNIDADE 3    | 10       |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | %  |
|-------------------------|------------------------|----|----|
|                         |                        | PE | 70 |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución   | IA | %  |
|---|--|----|----|
| CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do ámbito lingüístico galego-portugués, con especial atención ás do propio territorio, a partir da explicación do seu desenvolvemento histórico e da situación actual, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas (especialmente da éuscara e catalá), así como das variantes dialectais do tronco lingüístico galego-portugués, en manifestacións orais, escritas e multimodais | Identifica as variedades dialectais da lingua galega.  |    |    |
| CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.  | Identifica as características temáticas e formais das cantigas seleccionadas.                      |    |    |
| CA4.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.  | Localiza e identifica as funcións e a colocación do pronome átono.                                 |    |    |
| CA2.3 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social, axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.  | Realiza unha deliberación oral argumentada valorando a súa propia variedade dialectal.             |    |    |
| CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura clásica e contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.  | Participa das conversas literarias na aula, dando a súa interpretación das cantigas seleccionadas. | TI | 30 |
| CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre os clásicos da literatura galega e tamén da lusófona; obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas clásicas ou contemporáneas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.                                      | Selecciona información sobre a tenzón medieval e a música moderna.                                 |    |    |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

## Contidos

- Estudo comparativo das principais variedades dialectais do galego e do portugués (especialmente de Portugal e do Brasil).
- Estratexias de reflexión interlingüística e sociolingüística.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.
- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Os textos académicos.
- Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.
- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada.
- Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega e tamén do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.
- Participación activa no círculo literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas.
- Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias
- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.
- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Distinción entre a forma (categorías gramaticais) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta).

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------|----------|
| 4  | UNIDADE 4    | 10       |

| Craterios de avaliación  | Mínimos de consecución   | IA | %  |
|--|--|----|----|
| CA1.2 - Cuestionar e refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir da exploración e reflexión arredor dos fenómenos do contacto entre linguas, con especial atención ao papel das redes sociais e dos medios de comunicación, e da investigación sobre os dereitos lingüísticos e diversos modelos de convivencia entre linguas. | Identifica prexuízos e estereotipos relacionados coa lingua. Dá argumentos para contrarrestalos. | PE | 80 |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución  | IA | %  |
|--|---|----|----|
| CA2.5 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.   | Identifica o sentido, a estrutura, a información máis relevante e a intención dun texto xornalístico.   |    |    |
| CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras. | Coñece a lírica relixiosa medieval, as causas da decadencia da lírica galego-portuguesa e distingue os tipos de prosa medieval. Interpreta composicións ao abeiro do contexto sociohistórico. |    |    |
| CA4.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.   | Recoñece os principais elementos que poden aparecer no esquema semántico dunha oración.   |    |    |
| CA3.4 - Partillar a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.   | Relaciona composicións da lírica relixiosa medieval e da prosa medieval con outras obras (clásicas e actuais).  | TI | 20 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias de detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de os combater.</li> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito social. As redes sociais e os medios de comunicación.</li> <li>- Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e contido do texto.</li> <li>- Produción escrita. Proceso de elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica.</li> <li>- Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega e tamén do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.</li> <li>- Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo e valores éticos e estéticos das obras.</li> <li>- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas.</li> <li>- Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias</li> <li>- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.</li> </ul> |

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.</li> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo.</li> </ul> |

| <b>UD</b> | <b>Título da UD</b> | <b>Duración</b> |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 5         | UNIDADE 5           | 10              |

| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>  | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--|--|-----------|----------|
| CA1.2 - Cuestionar e refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir da exploración e reflexión arredor dos fenómenos do contacto entre linguas, con especial atención ao papel das redes sociais e dos medios de comunicación, e da investigación sobre os dereitos lingüísticos e diversos modelos de convivencia entre linguas. | Diferencia e explica os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, préstamos, interferencias e diglosia.  | PE        | 90       |
| CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais complexos propios de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.   | Coñece as características do diálogo espontáneo ou conversa; así como as do diálogo planificado.   |           |          |
| CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.   | Coñece as características básicas da literatura do período do galego medio (Séculos Escuros e Ilustración). Interpreta as composicións ao abeiro do seu contexto sociohistórico.                             |           |          |
| CA4.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.   | Distingue os tipos de oracións compostas por coordinación aparecidas en textos alleos de diversa complexidade.   |           |          |
| CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura clásica e contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.   | Lectura obrigatoria e autónoma dunha obra contemporánea da literatura galega. Atenderase á temática que aborda este xénero, á súa estrutura e estilo; así como aos valores éticos e estéticos que transmite. | TI        | 10       |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, préstamos, interferencias. Diglosia lingüística e diglosia dialectal. O papel actual das redes sociais e dos medios de comunicación.
- Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.
- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e contido do texto.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Formas lingüísticas para a expresión da subxectividade e da obxectividade e das súas formas de expresión nos textos.
- Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega e tamén do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.
- Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuitos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers. O debate sobre o canon literario.
- Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias
- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.
- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Distinción entre a forma (categorías gramaticais) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta).

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------|----------|
| 6  | UNIDADE 6    | 15       |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución  | IA | %  |
|--|---|----|----|
| CA1.3 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.  | Analiza os usos discriminatorios da lingua e como se manipula a linguaxe de cara a conseguir uns determinados fins.                       | PE | 65 |
| CA2.7 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado sobre temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle de redacción e revisión de borradores de maneira individual ou entre iguais, ou mediante outros instrumentos de consulta. | Analiza e produce un texto académico aplicando os mecanismos de coherencia, cohesión e adecuación e prestando atención ás formas verbais. |    |    |



| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución   | IA | %  |
|--|--|----|----|
| CA3.4 - Partillar a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.   | Busca vínculos intertextuais con perspectiva de xénero entre as composicións de Rosalía de Castro e as obras doutras/os autoras/es.                                      |    |    |
| CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.   | Interpretación, con perspectiva de xénero, de fragmentos de obras de Rosalía de Castro, atendendo tamén ao contexto sociohistórico da época.                             |    |    |
| CA4.2 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.   | Localiza as funcións sintácticas que hai en oracións compostas por coordinación.   |    |    |
| CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre os clásicos da literatura galega e tamén da lusófona, obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas clásicas ou contemporáneas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura. | Exposición oral dun vídeo-documental sobre aspectos concretos do contexto sociopolítico da Rexurdimento.   |    |    |
| CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.   | Realiza un vídeo-poema cunha lectura expresiva, dramatiza e recitada dun poema de Rosalía.   | TI | 35 |
| CA3.8 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.   | Comenta e interpreta de forma argumentada os poemas de Rosalía, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. |    |    |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos   |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias de reflexión interlingüística e sociolingüística.</li> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Os textos académicos.</li> <li>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</li> </ul> |

## Contidos

- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.
- Conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.
- Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega e tamén do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.
- Participación activa no circuito literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais.
- Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias
- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.
- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.
- Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura.
- Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero.
- Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Distinción entre a forma (categorías gramaticais) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta).
- Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------|----------|
| 7  | UNIDADE 7    | 15       |

| Craterios de avaliación  | Mínimos de consecución  | IA | %  |
|--|---|----|----|
| CA2.10 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análise, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta adecuada e mantendo unha actitude crítica fronte ás posibles desviacións da información.                   | Recoñece as partes da noticia e desenvolve estratexias de verificación de noticias falsas.              | PE | 85 |
| CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura clásica e contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura. | Identificar a temática cívica de Curros e a súa relación ou continuidade con respecto a outros autores. |    |    |

| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>   | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--|---|-----------|----------|
| CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras. | Comenta e interpreta de forma argumentada os poemas de Curros Enríquez, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos.            |           |          |
| CA4.2 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.   | Constrúe, de xeito autónomo, oracións compostas coordinadas: copulativas, adversativas, disxuntivas, distributivas e xustapostas.   |           |          |
| CA1.3 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.  | Coñece os seus dereitos lingüísticos e a súa expresión en leis: Estatuto de Autonomía (1981), Lei de normalización lingüística (1983), Plan xeral de normalización da lingua galega (2004). | TI        | 15       |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Dereitos lingüísticos, a súa expresión en leis e declaracións institucionais. Modelos de convivencia entre linguas, as súas causas e consecuencias. Linguas hexemónicas. Linguas minoritarias e linguas minorizadas. Ecoloxía e sostibilidade lingüística.</li> <li>- Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Alfabetización informacional: busca autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. Noticias falsas e verificación de feitos. O ciberanzol.</li> <li>- Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega e tamén do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.</li> <li>- Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias</li> <li>- Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias.</li> <li>- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.</li> <li>- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.</li> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo.</li> </ul> |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------|----------|
| 8  | UNIDADE 8    | 10       |

| Craterios de avaliación  | Mínimos de consecución   | IA | %  |
|--|--|----|----|
| CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como educativo e social.   | Coñece os modelos de convivencia entre linguas en contacto, a planificación lingüística e o proceso de normalización.  | PE | 90 |
| CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.  | Domina, en interaccións orais, as estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.  |    |    |
| CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras. | Coñecemento da obra de Eduardo Pondal.   |    |    |
| CA4.2 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.   | Coñece os procedementos de adquisición e formación de palabras e os valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.                                 | TI | 10 |
| CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura clásica e contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.   | Lectura obrigatoria e autónoma dunha obra contemporánea da literatura galega. Atenderase á temática que aborda este xénero, á súa estrutura e estilo; así como aos valores éticos e estéticos que transmite. |    |    |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos  |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Dereitos lingüísticos, a súa expresión en leis e declaracións institucionais. Modelos de convivencia entre linguas, as súas causas e consecuencias. Linguas hexemónicas. Linguas minoritarias e linguas minorizadas. Ecoloxía e sostibilidade lingüística.</li> <li>- Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Interacción oral e escrita de carácter formal. Tomar e deixar a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística</li> <li>- Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega e tamén do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.</li> <li>- Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias</li> <li>- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.</li> <li>- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na</li> </ul> |

**Contidos**

- tradición literaria.
- Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------|----------|
| 9  | UNIDADE 9    | 10       |

| Criterios de avaliación  | Mínimos de consecución   | IA | %  |
|--|--|----|----|
| CA1.3 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.  | Domina os conceptos de lingua hexemónica, lingua minoritaria, lingua minorizada e ecolingüismo.  | PE | 90 |
| CA2.9 - Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre temas curriculares de interese cultural que impliquen localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes; calibrar a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura; organizala e integrala en esquemas propios; e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual. | Elabora un esquema indicando as principais correntes da narrativa do Rexurdimento, os seus representantes sobranceiros e as obras máis destacadas. |    |    |
| CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.   | Coñece a obra dos autores da denominada literatura, "Antre dous Séculos" (1890-1916).  |    |    |
| CA4.3 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en soporte analóxico e dixital.   | Identificar as características lingüísticas dun texto argumentativo do ámbito académico.   |    |    |

| Criterios de avaliación   | Mínimos de consecución  | IA | %  |
|---|---|----|----|
| CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre os clásicos da literatura galega e tamén da lusófona e obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas clásicas ou contemporáneas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura. | Elaboración dun traballo sobre a prensa no Rexurdimento, prestando atención aos aspectos publicitarios. | TI | 10 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos  |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Dereitos lingüísticos, a súa expresión en leis e declaracións institucionais. Modelos de convivencia entre linguas, as súas causas e consecuencias. Linguas hexemónicas. Linguas minoritarias e linguas minorizadas. Ecoloxía e sostibilidade lingüística.</li> <li>- Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Produción escrita. Proceso de elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica.</li> <li>- Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega e tamén do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.</li> <li>- Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias</li> <li>- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.</li> <li>- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.</li> <li>- Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero.</li> <li>- Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.</li> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta, en soporte analóxico e dixital, para obter información gramatical de carácter xeral.</li> </ul> |

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A adquisición e o desenvolvemento das competencias clave veranse favorecidos por metodoloxías que recoñezan o alumnado como axente do súa propia aprendizaxe. O que se procura é mellorar a competencia comunicativa en lingua galega. Sabemos que o desenvolvemento intelectual pode ser acelerado mediante o emprego de determinadas estratexias didácticas, por iso, a metodoloxía de ensino en Lingua Galega e Literatura tratará de ser o máis activa posible e alternará traballos individuais con traballos cooperativos que melloren os vínculos entre o alumnado.

- Antes de comezar cada unidade, trataranse de pescudar na aula os coñecementos previos do alumnado, para relacionalos progresivamente cos novos contidos que se impartan, só así se poderá conseguir unha aprendizaxe significativa e construtiva na que os novos coñecementos e o proceso de aprendizaxe estean relacionados co

desenvolvemento psicolóxico, o ritmo evolutivo e as capacidades e contidos adquiridos previamente polas alumnas e alumnos.

- Atenderase á diversidade, na atención individualizada, poñendo en práctica mecanismos de reforzo cando se detecten dificultades ou de tarefas de ampliación para o alumnado que precise afondar máis nos contidos.
- Usaranse distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, que favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e que o capaciten para acceder á formación superior ou ao futuro profesional de forma competente. Contémplanse soportes variados para explicar un mesmo contido de aprendizaxe (textual, gráfico, multimedia...) e así adaptarse aos distintos estilos de aprendizaxe.
- Diseñaranse para o alumnado proxectos significativos, baseados en contextos recoñecibles, que teñan en conta, se for posible, as súas vivencias e o reforzo do seu compromiso co desenvolvemento sostible, a defensa dos dereitos humanos e a convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática. (Os proxectos aparecen mencionados nas unidades didácticas correspondentes e poderán ser modificados en función dos intereses e necesidades do alumnado).
- Co traballo cooperativo, o alumnado debe regular a súa conduta e a súa capacidade para se relacionar cos demais, estimulando o respecto crítico a outros puntos de vista, a adaptación ás necesidades colectivas ou a asunción de responsabilidades. Alén diso, o traballo colaborativo en proxectos debe potenciar que cada persoa teña os seus tempos e os seus espazos de recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade de contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.
- Traballarase transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento. A adquisición destas destrezas pode acadarse a través da lectura de distintos tipos de textos, da súa comprensión e da reflexión arredor deles.
- Pontenciarase a reflexión interlingüística, centrada na lingua galega e portuguesa, para facilitar a intercomunicación nos dous idiomas. De ser posible, promoveranse actuacións que, de xeito presencial ou virtual, propicien intercambios lingüísticos entre o alumnado galego e lusófono (encontros, concursos, festivais...). O estudo do período medieval é moi apropiado para realizar esta reflexión interlingüística.
- Fomentarase o traballo interdisciplinario e a coordinación con outros departamentos e equipos do centro, especialmente co equipo de dinamización da lingua galega e o equipo de biblioteca como mellor vía para promover actuacións tanto de xeito presencial como virtual: saídas didácticas, exposicións, espectáculos... O desenvolvemento das competencias do alumnado reclama en bacharelato unha maior atención a textos académicos e dos medios de comunicación. Por iso, o traballo interdisciplinario é imprescindible para que o alumnado se apropie dos xéneros discursivos específicos de cada área de coñecemento. E os proxectos transversais, por exemplo, requiren da colaboración entre os profesores de distintas disciplinas (participación no Club de Ciencias no actual curso).
- Proporase a lectura de obras, en soportes variados, que promovan a defensa de valores socioculturais e éticos (dereitos humanos, conciencia ambiental, benestar animal...), evitando a memorización descontextualizada dun conxunto de características, autores e títulos de obras.

Ademais das actividades de lectura vinculadas ós contidos incluídos na programación, cremos que hai que dedicar a este apartado esforzos específicos, encamiñados non só á superación das deficiencias que poidan presentar os alumnos, senón sobre todo á estimulación do hábito de lectura. Para este fin incluímos polo menos tres lecturas obrigatorias ao longo do curso sobre as que se realizarán distintas actividades: debates sobre aspectos concretos, valoración conxunta dos libros, recreacións, controis de lectura, exposicións audiovisuais, etc. Ademais destas lecturas obrigatorias fomentárase que o alumnado poida realizar outras con carácter voluntario, valorándose esta actividade positivamente de cara á avaliación.

- Fomentaremos a oralidade e as competencias activas co fin de que o alumnado adquira os recursos necesarios para se expresar correctamente nunha ampla variedade de situacións comunicativas e de contextos para que, unha vez rematado o bacharelato, xa alcanzase, entre outros, o dominio do sistema fonético-fonolóxico do galego.

A lingua de uso na aula para a materia de Lingua galega e literatura será sempre o galego. Por tanto, tódalas interaccións do alumnado entre si e co profesor produciranse sempre nesta lingua. As probas dos libros de lectura serán orais (non escritas).

Por outra banda é moi importante que na aula se cre un clima de respecto mutuo, colaboración e participación activa que permita a expresión de opinións, ideas, gustos persoais, etc.

Outro aspecto relevante en relación coa lingua oral é o manexo de rexistros diferentes, así como o coñecemento, valoración e respecto cara ás distintas variedades do galego. Parece importante que o alumnado poida escoitar testemuñas vivas dos diferentes usos, rexistros e variedades da lingua oral, e para tal fin procuraremos facer uso dos medios audiovisuais e informáticos cos que contamos no instituto. Entre o amplo abano de actuacións que contribúen ao desenvolvemento desta destreza, están o cinema, as dramatizacións e representacións teatrais, a radio coas súas múltiples posibilidades (informativos, publicidade, teatro radiofónico...), a música (rap, poemas musicados...) e todo tipo de iniciativas en formato audiovisual.

- O cultivo da sensibilidade estética e cultural do alumnado para que sexa quen de apreciar a beleza das obras

literarias e para fomentar o enriquecemento do seu acervo cultural e das súas posibilidades de expresión, a través, por exemplo, da realización de exposicións, comentarios, adaptacións audiovisuais de relatos, etc. Contamos coa colaboración doutros departamentos para acadar este obxectivo.

- O desenvolvemento da competencia dixital en lingua galega a través das TIC e o coñecemento de recursos dixitais que faciliten a procura de información, a revisión dos textos e a súa posterior divulgación, sempre respectando os dereitos da propiedade intelectual.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación  |
|---|
| Lingua galega e literatura, 1º bacharelato, Baía Edicións (ISBN: 978-84-9995-400-4) |

O libro de texto complementarase con outros materiais:

- Aula virtual

- Recursos didácticos dispoñibles no IES Lauro Olmo: aula de referencia do grupo e aulas TIC, biblioteca e salón de actos. As aulas e a biblioteca son os lugares en que o alumnado ten ao seu alcance a maioría dos recursos e materiais do centro (canón, computador, conexión a internet, encerado dixital). A biblioteca ofrece, ademais de obras de lectura, libros de texto, mapas, revistas, xornais, recursos dixitais para consultar información, realizar traballos de investigación, etc.

- Dicionarios: Dicionario de pronuncia da lingua galega (<https://ilg.usc.es>), Dicionario RAG (<https://academia.gal>), Dicionario castelán-galego Rinoceronte Editora (<https://rinoceronte.gal>), Vocabulario ortográfico da lingua galega (VOLG), (<http://www.realacademiagalega.org/recursos-volg>).

- Consulta da prensa galega en liña (Galicia Confidencial, Nós Diario ou Praza Pública) para análise de textos (argumentativos).

- Páxinas on line das universidades galegas para os proxectos.

- Familiarización coa web da CIUG (consulta de exames de últimos cursos precedentes?) para traballar a expresión escrita.

- Vídeos curtos para contextualizar a literatura: proxecto audiovisual 'Crónicas dunha desmemoria', Historias de Galicia (TVG)

- Libros de lectura de distintos xéneros literarios. Forneceráselle ao alumnado unha ampla listaxe para que poida escoller en función do seu nivel lector e dos seus gustos.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Realizarase unha avaliación inicial ao principio de curso, durante as primeiras sesións do mes de setembro, deseñada para detectar as dificultades individuais e colectivas relacionadas coa materia de Lingua Galega e Literatura e deseñar as medidas de atención á diversidade que se consideren oportunas e factibles dentro da organización docente do centro. Ao mesmo tempo, procurará descubrir tamén as potencialidades do alumnado, as súas cualidades, preferencias e afeccións para aproveitalas e poñelas en relación coa metodoloxía e ao servizo do éxito das actividades que se desenvolvan.

Para detectar cales das catro destrezas lingüísticas básicas (entender, falar, ler e escribir) son as máis deficitarias para o alumnado e darlles prioridade no desenvolvemento do currículo, realízanse unha serie de probas.

Para valorar a comprensión escrita, partírase dun texto literario, xornalístico, académico, etc. O alumnado deberá contestar preguntas pechadas sobre o seu contido, e ademais realizará unha composición escrita relacionada coa temática do texto, para apreciar o nivel de escrita (léxico, construción sintáctica, regras básicas de ortografía e puntuación?). Á parte disto, a proba incluírá diversas cuestións relacionadas coa reflexión sobre a lingua, sociolingüística, literatura e hábitos lectores referidos ao aprendido na etapa anterior.

A técnica da observación non sistemática permítenos, co comportamento espontáneo dos alumnos, ter unha primeira impresión do grupo con respecto á expresión oral, á fonética e aos seus hábitos lingüísticos orais (uso do galego ou do castelán, existencia de prexuízos cara á nosa lingua, etc.). O rexistro anecdótico será o instrumento no cal se recollan os datos máis significativos.



## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica           | UD 1      | UD 2      | UD 3      | UD 4      | UD 5      | UD 6      | UD 7      | UD 8      | UD 9      | Total      |
|-----------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|------------|
| <b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>   | <b>15</b> | <b>10</b> | <b>10</b> | <b>10</b> | <b>10</b> | <b>15</b> | <b>10</b> | <b>10</b> | <b>10</b> | <b>100</b> |
| <b>Proba escrita</b>        | 90        | 70        | 70        | 80        | 90        | 65        | 85        | 90        | 90        | <b>81</b>  |
| <b>Táboa de indicadores</b> | 10        | 30        | 30        | 20        | 10        | 35        | 15        | 10        | 10        | <b>19</b>  |

### Criterios de cualificación:

No Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, no artigo 12 establécese: "Nas clases de lingua e literatura galega e lingua e literatura castelá, usarase, respectivamente, o galego e o castelán, tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado". O incumprimento deste artigo por parte da alumna ou do alumno nas sesións de clase provocará un suspenso na materia en tanto que demostra falta de coñecemento ou respecto pola utilización da nosa lingua que é o núcleo da propia materia. Seguindo o Decreto, tamén o alumnado deberá falar e escribir en galego nas súas probas e, de non facelo, a proba en cuestión será cualificada con 0 puntos.

A cualificación de cada avaliación responderá a tres partes diferentes:

a) **PROBAS ESCRITAS (80 %)**. Faranse dous exames por avaliación. De non acadar de media entre os dous parciais como mínimo un 40% (3,2/8), tampouco se sumarán o resto das cualificacións (libro de lectura, elaboración de traballos ou actividades e observación do traballo na aula) e suspenderase a materia.

A avaliación da materia dos bloques Comunicación e Reflexión sobre a lingua será continua; significa que o alumnado será examinado deses contidos ao longo de todo o curso.

b) **LECTURA OBRIGATORIA (10 %)**. Lerase unha obra por avaliación e será requisito imprescindible para aprobar a materia. Realizarase unha proba oral na cal se valorará a expresión, a corrección lingüística e a capacidade de comprensión global, de síntese, de interpretación e de reflexión sobre o seu contido. Se as respostas son vagas, imprecisas ou confusas, non se superará a proba.

c) **PRODUCCIÓNS DO ALUMNADO (10 %)**. Valoraranse pequenos traballos de investigación e documentación (individuais ou colectivos, orais ou escritos) e a realización de actividades de análise e comentario de textos de natureza diversa e cun nivel de dificultade adaptado aos obxectivos propios da etapa postobrigatoria.

Así mesmo, o alumnado terá a posibilidade de realizar as actividades voluntarias que propoña a profesora (lecturas, exposicións, participación en actividades de dinamización lingüística, etc.) e que se terán en conta na cualificación da avaliación en función da súa dificultade ata un máximo de 1 punto. Só computarán cando acaden na avaliación unha nota igual ou superior a cinco.

Ademais dos contidos, poderase descontar sobre a cualificación global de cada proba ou traballo ata un 20% por erros correspondentes aos principios fundamentais de adecuación, coherencia, cohesión, variación e corrección gramatical. Nos textos escritos penalizaranse ata un 20% da nota segundo o tipo de erros:

- **Moi graves:** solucións alleas ao noso sistema lingüístico (tempos compostos, mala colocación dos clíticos...). Desconto 0,15 puntos c/u.

- **Graves:** solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (b/v, h, y), acentuación diacrítica... Desconto 0,1 c/u.

- **Leves:** solucións galegas alleas ao estándar vixente. Acentuación non diacrítica. Desconto 0,05 puntos c/u.

#### NOTA TRIMESTRAL

- Será a suma dos apartados a), b) e c) e nela poñeráselle ao alumnado unha nota numérica do 1 ao 10. Cando da suma das notas que integran a cualificación resulte un decimal que sexa 0,8 ou 0,9 asimilarase ao enteiro superior

(Ex.: 3,8 obterá un 4 na avaliación; 5,9 un 6, etc.).

- A suma dos puntos destes apartados, en cada unha das avaliacións, só será aplicable no caso de que en todas as partes se obteña un valor igual ou superior ao 40% (un 4 sobre o 10). De non ser así, considérase que a avaliación está suspensa. A nota mínima para aprobar é 5 puntos.

#### AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA

- Na avaliación final recollerase a media das notas das tres avaliacións, tanto das aprobadas como das suspensas. Non se considerará aprobada a materia se a alumna/o presenta dúas avaliacións suspensas e non recuperadas. A nota mínima necesaria para aproba será 5 puntos.

#### OUTROS ASPECTOS

- Cando se observen indicios de que un traballo presentado foi copiado ou non elaborado polo propio alumno poderá realizar unha verificación dos coñecementos para asegurarse de que efectivamente eses coñecementos están asimilados. En caso de que o alumno non consiga defendelos, levará unha cualificación de cero (0).

- Todos os traballos esixidos serán de realización obrigatoria.

- Non se recollerán tarefas entregadas por outros medios que non fose o establecido previamente polo profesor nin entregadas fóra do prazo indicado.

- Só se repetirán as probas fóra do día sinalado cando o alumnado achegue un xustificante médico, ou outro xustificante oficial ou de forza maior.

- Empregar métodos fraudulentos na realización de probas, permitir que outros copien o seu traballo ou participar en calquera actividade ou estratexia para mellorar resultados implicará a obtención automática dun cero como cualificación na avaliación, sexa esta Ordinaria ou Extraordinaria.

- Calquera proba ilexible ou mal presentada poderá non ser cualificada ou ser rebaixada na nota.

- Cando da suma das notas que integran a cualificación resulte un decimal que sexa 0,8 ou 0,9, asimilase ao enteiro superior (Ex.: 3,8 obterá un 4 na avaliación; 5,9 un 6, etc.).

- O listado de obras é aberto e poderá ser ampliado segundo considere este departamento, tendo sempre presente as necesidades educativas do alumnado.

### **Cráterios de recuperación:**

#### RECUPERACIÓN DO TRIMESTRE

- Recuperación das **PROBAS ESCRITAS**: despois de cada avaliación quen obtivese unha cualificación inferior a 5 fará un exame de recuperación da materia suspensa correspondente ao apartado a), é dicir, das probas obxectivas. Aínda que se teña un dos parciais aprobados da avaliación, a recuperación repetirase coa materia dos dous parciais. A nota de recuperación da avaliación obterase sumando as restantes porcentaxes conseguidas no trimestre anterior.

- Recuperación do **LIBRO DE LECTURA**: se no prazo previsto o alumno non se examina ou non superase a proba de lectura, poderá despois da avaliación realizar unha proba oral da obra que previamente sinalase a profesora.

- **PRODUCCIÓNS DO ALUMNADO**: en caso de non acadar o 50% no valor global deste apartado, o alumno pode realizar unha exposición oral ou un traballo escrito (segundo determine a profesora) relacionado con algún aspecto da materia.

#### AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

- As alumnas e alumnos que non acadasen a nota media de 5 na avaliación final ordinaria, deberán recuperar a materia nunha proba extraordinaria que será cualificada de 1 a 10. O redondeo aplicable será o mesmo que o establecido na avaliación final. Para superar a materia o alumno deberá alcanzar como mínimo un 5. A esta convocatoria acódese con toda a materia.

- O período abranguido entre a terceira avaliación ordinaria e a avaliación extraordinaria dedicarase a actividades de apoio, reforzo, consolidación e recuperación e non se impartirán novas unidades didácticas

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Non hai alumnos coa materia pendente.

## 5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

### 6. Medidas de atención á diversidade

Para adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado, levaranse a cabo as medidas e accións necesarias.

Na etapa de bacharelato poñerase especial énfase na atención á diversidade, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades, ou de tarefas de ampliación para aquel alumnado que precise afondar máis nos contidos para, en todo caso, facilitar o acceso ao currículo deste alumnado.

Para atender as necesidades específicas, e sempre en colaboración directa co Departamento de Orientación, optarase por medidas ordinarias: o enriquecemento curricular (para alumnos con altas capacidades ou intereses moi concretos nesta área do coñecemento), simplificación de indicacións e adecuación de tempos (para estudantes con TDAH ou similares). En todo caso, prestarase atención á situación na aula destes alumnos.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

|  | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|--|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión lectora.                            | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.2 - Expresión oral e escrita.                       | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.3 - Comunicación audiovisual.                       | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.4 - Competencia dixital.                            |      | X    |      |      | X    | X    |      |      |
| ET.5 - Emprendemento social e empresarial.             |      |      | X    |      |      |      |      |      |
| ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico.       |      |      | X    | X    |      | X    | X    | X    |
| ET.7 - Educación emocional e en valores.               | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.8 - Creatividade                                    | X    |      |      |      |      | X    |      |      |
| ET.9 - Igualdade de xénero.                            |      | X    | X    |      |      | X    |      |      |
| ET.10 - Prevención e resolución pacífica de conflitos. |      | X    | X    |      |      |      |      |      |
| ET.11 - Pluralidade (lingüística).                     |      | X    | X    |      |      |      |      |      |

|  | UD 9 |
|--|------|
| ET.1 - Comprensión lectora.                            | X    |
| ET.2 - Expresión oral e escrita.                       | X    |
| ET.3 - Comunicación audiovisual.                       | X    |
| ET.4 - Competencia dixital.                            |      |
| ET.5 - Emprendemento social e empresarial.             | X    |
| ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico.       | X    |
| ET.7 - Educación emocional e en valores.               | X    |
| ET.8 - Creatividade                                    |      |
| ET.9 - Igualdade de xénero.                            |      |
| ET.10 - Prevención e resolución pacífica de conflitos. |      |
| ET.11 - Pluralidade (lingüística).                     | X    |

### Observacións:

A materia de Lingua galega e Literatura é unha disciplina privilexiada para o traballo dos elementos transversais. Prima as actividades de comprensión lectora, a expresión oral e escrita, de comunicación audiovisual, coas tecnoloxías da información e da comunicación como ferramentas imprescindibles para o proceso de ensino-aprendizaxe. As actividades relacionadas coa sociolingüística e a literatura son favorecedoras do emprendemento e a educación cívica. O coñecemento e a análise da situación sociolingüística e das diferentes etapas da historia da lingua e da literatura promoven a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o respecto aos dereitos humanos. Como exemplos podemos poñer os contidos e as actividades relacionadas coas obras dos autores e autoras da Ilustración, dos precursores do Rexurdimento e coas figuras de Curros, Pondal e Rosalía. En particular, o estudo da traxectoria e da obra literaria da autora dos "Cantares gallegos" e o achegamento á sociedade e á literatura medievais facilitarán a reflexión sobre estereotipos que supoñen discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. A organización da materia procura a participación do alumnado en actividades que lle permitan afianzar aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo e o sentido crítico (recitais, representacións teatrais, debates, xornadas sobre aspectos culturais, clubs de lectura, etc.). Estas mesmas actividades favorecen o desenvolvemento da convivencia, a tolerancia, o autocontrol, o diálogo e a empatía, que servirán para solucionar con éxito situacións de conflito no ámbito escolar, familiar e social en xeral, ao mesmo tempo que contribúen a exercitar destrezas e adquirir valores que tenden a previr e evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade               | Descrición  | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|--------------------------|---|----------|----------|----------|
| Club de lectura de MANGA | Proseguimos co achegamento á lectura e ao debate dos títulos máis destacados do panorama da historieta nipona. Trátase dunha actividade voluntaria á que asisten alumnos de 1º Bacharelato. |          |          | X        |

### Observacións:

Cada curso, este Departamento realiza actividades complementarias, dentro do centro e en horario lectivo, centradas na investigación arredor da lingua, cultura, historia e tradicións do medio ao que pertence o alumnado. Organízanse actividades variadas ao longo de todo o ano: actos, premios, concursos, actividades lúdicas, deportivas, culturais... que permiten dinamizar a continuidade das aulas. O Departamento de Lingua galega e Literatura colabora en moitas delas, nomeadamente nas actividades do Equipo de Dinamización Lingüística, así coma nas da Biblioteca (Hora de ler...), mais tamén programa outras actividades para completar e mellorar a formación persoal e académica dos alumnos e asemade a competencia lingüística e as habilidades sociais, atendendo así os criterios de transversalidade e interacción co medio.

Dependendo do orzamento para o próximo ano, poderanse organizar máis actividades.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro   |
|--|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico   |
| 4. Logo de realizarse a avaliación inicial e de recibir a información transmitida polo Departamento de Orientación, mantívose o seguimento personalizado de todo o alumnado ao longo do curso. |
| 5. O alumnado foi informado detalladamente dos criterios e instrumentos de avaliación e cualificación establecidos.  |
| 9. Existiu un seguimento continuo da programación didáctica ao longo do curso e realizáronse as modificacións e adaptacións necesarias.  |
| 12. Consegúronse adecuar as unidades didácticas á temporalización indicada e desenvolvéronse as actividades propostas de acordo á súa temporalización.   |
| 13. Mantívose a coherencia entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación e mínimos de consecución.   |
| 14. Os procedementos, criterios e instrumentos de avaliación utilizados foron os adecuados.  |
| 19. Analizouse a cualificación do alumnado e valoráronse as porcentaxes de alumnado que superou e non superou a materia.   |
| 21. As probas de avaliación foron corrixidas no prazo establecido, entregadas ao alumnado, analizadas e comentadas na clase.   |
| 23. Pasóuselle ao alumnado un cuestionario-enquisa a respecto da práctica docente do profesor ou profesora.  |

|  |
|--|
| <b>Metodoloxía empregada</b>   |
| 6. As explicacións foron claras e amenas e as exemplificacións sinxelas e comprensibles.   |
| 8. O profesorado mantívose actualizado tanto no que se refire a aspectos didácticos xerais e específicos da súa materia como no ámbito das novas tecnoloxías.                      |
| 15. Empregouse unha metodoloxía precisa e variada, con uso de materiais diversos.  |
| 24. Fomentouse que o alumnado utilizase a lingua galega habitualmente na clase co profesor ou profesora e cos seus compañeiros e compañeiras.                                      |
| <b>Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos</b>  |
| 17. Participouse no Proxecto lector do centro e en actividades programadas por outros grupos ou equipos docentes (EDLG, Equipo de Biblioteca etc.).                                |
| <b>Medidas de atención á diversidade</b>   |
| 3. Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado e aplicáronse os protocolos correspondentes.  |
| 16. Propuxéronse e concretáronse actividades de seguimento para atender a diversidade do alumnado: NEAE, repetidoras/es, ACS, reforzos.  |
| <b>Clima de traballo na aula</b>   |
| 1. Propiciouse un ambiente motivador na aula.  |
| 7. Respectouse a puntualidade á hora de entrar na aula e mostrouse unha actitude entusiasta e dinámica.  |
| 20. Potenciouse a participación, o diálogo e a reflexión dentro da aula.   |
| <b>Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais</b>  |
| 2. Respectouse o alumnado e demostrouse sensibilidade ante os seus problemas e as súas diferenzas tanto culturais, como de procedencia.  |
| 10. Estableceuse unha comunicación fluída e constante con outros departamentos, equipos e grupos de traballo específicos (EDLG, a Biblioteca, Club de Ciencia, etc.).              |
| 18. Asistiuse ás reunións de departamento achegando ideas, información e modificacións á PD, avaliando os resultados das avaliacións do alumnado e propondo mecanismos de mellora. |
| 22. Mantívose contacto regular coas familias para seren informadas de todo o proceso de ensino-aprendizaxe das filla ou fillos.  |

### Descrición:

Como se pode observar, estes indicadores xiran arredor de tres aspectos: o referente á actitude profesional dentro da aula, ao coñecemento e á actitude a respecto do alumnado e ao cumprimento do establecido na programación didáctica. Estes indicadores valoráronse nunha escala de 0 a 10, e os seus resultados serán inseridos na memoria final.

Para recompilar información e elaborar os indicadores de logro poden utilizarse cuestionarios proporcionados ao alumnado, mesmo ao final de cada trimestre e ao remate do curso. Todos estes datos formarán parte de memoria final e deben terse en conta para que se poidan corrixir as deficiencias detectadas na PD do próximo curso.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Cómpre realizar un seguimento da propia Programación Didáctica. Esta debe ser un documento completo, pero tamén flexible, para servir de ferramenta útil no proceso de ensino-aprendizaxe. A súa concreción variará en función de diversas circunstancias, especialmente das características e necesidades educativas do alumnado concreto co que se traballe cada curso. Para isto levaranse a cabo análises e valoracións, así como propostas de mellora en diferentes momentos do curso.

A principios de curso, a avaliación inicial ofrecerá datos para modificar os aspectos da Programación que se consideren oportunos, co obxecto de axustarse á realidade do alumnado co que se traballará.

Nas reunións de Departamento realizarase periodicamente un seguimento do seu desenvolvemento. Para iso teranse en conta tanto a consecución dos obxectivos como o desenvolvemento das actividades.

Cada trimestre, despois de coñecer os resultados do alumnado e como estes se concretan nas cualificacións, será o momento de facer unha valoración do desenvolvemento da programación e planificar as accións educativas que se consideren oportunas, co obxectivo de atender de maneira especial os aspectos en que o alumnado presente maiores dificultades.

Outro momento fundamental para a avaliación da Programación será o final do curso. Para esa avaliación terase en conta, en primeiro lugar, o grao de cumprimento da propia Programación. En segundo lugar, valoraranse os resultados globais do alumnado. Deste proceso avaliativo extraeranse as propostas de modificación e mellora para a Programación Didáctica do vindeiro curso. Potenciaranse os aspectos que ofrezan mellores resultados e maior satisfacción, ao mesmo tempo que se atenderán especialmente aqueles en que o alumnado presente maiores carencias ou dificultades.

Para comprobar a aplicación adecuada da PD elaboráronse os indicadores de logro:

1. Conseguiuse acadar o grao de cumprimento dos obxectivos didácticos propostos, co correspondente desenvolvemento das competencias clave.
2. A secuenciación das UD propostas foi a axeitada, así como o número delas e a súa distribución cronolóxica.
3. As concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos utilizados axustáronse aos fins perseguidos.
4. Os criterios de avaliación foron ben aplicados.
5. Os instrumentos de avaliación foron os adecuados.
6. Os mínimos de consecución para cada criterio de avaliación estiveron ben establecidos.
7. Atendeuse debidamente a diversidade do alumnado (seguindo os correspondentes protocolos de actuación).
8. Atendéronse suficientemente os contidos transversais e as actividades complementarias.
9. A materia contribuíu aos distintos Plans do centro: proxecto lingüístico, proxecto lector, TIC, Convivencia....
10. Realizouse un seguimento regular da PD por parte do departamento.
11. Avaliouse a PD aplicando unha escala de 1 a 5 a respecto do seu cumprimento.
12. Establecéronse propostas de mellora das deficiencias observadas na aplicación da PD

## 9. Outros apartados